

Aventuras medievais

Títulos: As flores do meu amigo / As chaves do tempo.

Autores: Rafael Fernández Lorenzo / Lúisa Villalta.

Editores: Xerais / ANT.

A día de hoxe, a literatura galega constitúe aínda un sistema infradesenvolvido que turra por sair adiante. Nos derradeiros vinte anos avanzouse moito, pero aínda segue habendo eidos moi pouco cultivados. Nótase especialmente no ensino: cando se procuran discursos narrativos que ilustren determinados momentos históricos (hoxe ocupámonos do medievo, pero co século XIX, por exemplo, acontece case o mesmo) e que sexan asequíbeis á lectura de mozos e mozas, a escaseza de títulos é case patética. En boa parte da década pasada, *Galván en Saor* (Dario X. Cabana) cumpriu esta misión bastante ben, aínda sendo un discurso complexo pola mestura temporal que contén. Un título é moi pouco, sobre todo se se pretende individualizar o acto da lectura segundo as preferencias manifestas por cada alumno, —a estratexia que mellores resultados está a ofrecer na actualidade—; o título único para a toda a aula é un disparate pedagóxico anacrónico. Quen dera que puideran ler *Morte de rei* (D.X. Cabana) ou *Magog* (Maria Gándara), pero estes mozos e mozas (de 14 anos; ano arriba, ano abaixo) salvo en casos moi excepcionais dan accedido a elas. Hoxe traemos a estas páxinas dous títulos novos, dúas estratexias diferentes para ache-



Lúisa Villalta.

garse á aventura medieval de cabaleiros e doncelas.

O primeiro deles é da autoría de Rafael Fernández Lorenzo e leva un título (*As flores do meu amigo*) que inmediatamente fai

pensar en Paio Gómez Chariño. Efectivamente, viaxamos deica o século XIII, no reinado de Afonso X, e Paio Gómez Chariño é un dos protagonistas. Con el están tamén Jean De Tournai, burgués, Guillaume Manier, clé-

rico, Joam Airas de Santiago e o paladín Tirso de Remeiras, ademais, naturalmente, do mozo Edelmiro Soutelo Leirachán, fillo dun cabaleiro morto nas guerras de Granada. A misión de Paio Gómez Chariño é levar a Edelmiro a Pontevedra, á vez que acompaña a Santiago aos dous peregrinos de Flandes. Temos o necesario para emprender unha viaxe iniciática que se presume chea de aventuras. E así será, tanto

Precisamos un *Morning Star* medieval, xa. O problema é que somos descoñecedores da nosa propia historia.

Paio Gómez Chariño, como Tirso de Remeiras e mesmo Edelmiro, terán ocasión de demostrar a súa valentía en singulares loitas. Tamén haberá lugar para o refinamento cortesán, para unha milagre, e sempre, para as cantigas. O suficiente para facérmolos unha idea da vida do século XIII. Non obstante, as aventuras que os nosos protagonistas acometen deixan un certo sensor porque son resoltas con tanta rapidez como se presentan, de tal maneira que o momento climático que representan escorre como a auga entre as mans, sen deixarnos tempo a un grolo fresco. Pero o que nos interesa hoxe é outra cousa ben diferente de acción novelesca. Nós mesmos témolo recomendado porque representa un achegamento á época medieval pero con linguaxe actual. No discurso de *As flores do meu amigo*, salvo

(Pasa á páxina seguinte)

(Vén da páxina anterior)

alguns casos, a linguaxe é puramente actual, tanto a que emprega o narrador como a das personaxes, inclusive hai ocasións nas que esnaquiza por completo a verosmellanza. É dicir, trátase dunha desas novelas "con fondo" histórico, pero non unha novela histórica. Eis a primeira estratexia para familiarizar aos mozos e mozas con este vello mundo. Haberá que agardar a que teñamos un discurso con tema abondo atractivo e novelado para podermos avaliar esta via. Como se funciona moi ben, *As flores do meu amigo* é como literatura oral, atrae moito mais contada que lida.

A outra via é a que representa *As chaves do tempo*, de Luísa Villalta. Como a de Fernández Lorenzo, sitúase na fronteira entre novela e novela breve, as dúas andan polas xenerosas cen páxinas. É, tamén, unha fabulación moito máis complexa. De primeiras ten moito, outra vez, de iniciática, pero rematará sendo unha reflexión sobre o tempo e a fe nun mesmo. Houbo unha vez un rei que tivo fama de nobre e de bon corazón, con dous fillos, un destro nas artes de guerra e outro nas artes artísticas. Dá a cada un unha chave do reino. As chaves teñen a mesma semellanza pero unha é de ouro e outra non, unha traerá fortuna e outra desgracia. A partir de aquí a historia dos dous irmáns é ben diferente aínda que os dous cren ter a de ouro. Tamén haberá feitos de armas e lances amorosos. Un narrador (unha narradora) testemuña relátanos todo cunha prosa densa e sintacticamente bastante correcta; incidimos no de "sintacticamente correcta" por ser procedemento imprescindible para lograr linguaxe medievalizante reproducindo a maneira que de contar as cousas tiñan entón; non se trata só de usar moitos cultismos, moitas

palabras medievais, senón de usalas da mesma maneira que se facía entón, eis porque este é sen dúbida o xénero narrativo máis complexo. Iso require moitas leituras, empaparse até que un chegue a escribir e mesmo falar coas súas palabras e a súa fraseoloxía. No caso da noveliña de Luísa Villalta, a cousa complícase aínda máis porque representa un percorrido histórico deica unha actualidade abstracta. O lector, de inicio, non sabe nada de tal percorrido e só moi no remate, coincidindo xa co clímax, empezará a sospeitalo. Por outro lado, tamén se move na ambigüidade a procedencia histórica da narradora. Isto provoca que o vocabulario e a maneira en que se relaciona (relacións paradigmáticas e sintagmáticas), aínda provocando discurso medievalizante, deixen pingar formas actuais quen nun principio poden desconcertar pero teñen xustificada presenza. O resultado é un discurso con vontade de estilo fértil, exuberante, de período longo, mais tamén, comedido, equilibrado e non gratuitamente ostentoso. Unha pena que a dimensión do discurso sexa cativa en relación á da historia; e que a resolución do conflito non sexa tan climática como nos prometíamos, pois á vez que resolve, plantexa problemas. Así, *As chaves do tempo*, sitúase entre dúas augas. Por un lado, para un lectorado das características do que estamos a falar, é un dobre gume moi perigoso que acostuma deixar só parcialmente satisfeito ao lector. E para un lectorado adulto sabe a pouco tanto pola transcendencia da mensaxe final como polo acerto estilístico.

Precisamos un *Morning Star* medieval, xa. O problema é que somos descoñecedores da nosa propia historia e da infinidade de asuntos atractivos que contén. ♦

XOSÉ M. EIRÉ

Rafael Fernández Lorenzo.

